

BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 29 DE XANEIRO DE 2015.

ASISTENTES:

Presidente:

D.^a Ana Ledo Fernandez

Concelleiros:

- D. José Angel Rey Seoane
- D.^a Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D.^a Silvia Mosteiro Monterroso
- D.^a Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 11:02 h do día vinte e nove de xaneiro de dous mil quince, xuntábase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa D.^a Ana Ledo Fernandez.

Non asisten, nin xustifican a súa ausencia legalmente os concelleiros, D. Gonzalo Concheiro Coello e D. Antonio Costoya Duro.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido a alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- DITAME ALEGACIÓNS AO PRESUPOSTO MUNICIPAL 2015

Pola Secretaria dáse lectura ó ditame da Comisión informativa permanente especial de contas ditado en data 26/01/2015 que se transcribe literalmente:

“Sen máis intervencións, a Comisión informativa permanente especial de contas, con tres votos a favor, dous dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, e un do concelleiro do

grupo mixto e dous en contra do grupo municipal do PP, a CIPEC ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Desestimar todas e cada unha das alegacións presentadas o 20/01/2015, con rexistro de entrada número 111, contra o presuposto municipal de 2015, con motivación no exposto no informe de Secretaría-Intervención.

SEGUNDO.- Declarar aprobado definitivamente o presuposto municipal 2015, ordenando a publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

Expón Alcaldía que visto o informe de secretaría intervención, en relación coas alegacións que o orzamento municipal do 2015 presentou o grupo municipal do PP, di que saca tres ideas:

1ª.- Que os concelleiros representantes do PP xa manifestaron a súa oposición e disconformidade ao orzamento de 2015 na sesión plenaria de aprobación inicial polo que o que tiñan que facer e presentar un recurso contencioso adminsitrativo, que lles convida a usar.

2ª .- Que ningunha das alegacións entra dentro dos motivos legais para opoñerse o orzamento.

3ª .- Que hai un descoñecemento do funcionamento do Concello e unha falta de consideración cara o persoal e veciños vistos os motivos alegados e a falta de fundamentación no marco legal, polo que só entorpecen o labor do Concello, provocan unha celebración dun Pleno cando queren, segundo alegan, aforro na partida dedicada a pagar a súa asistencia ás sesións.

Continúa Alcaldía propoñendo que se sancionen estas actitudes da oposición.

A Alcaldesa dálle a palabra ó concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas que expón que todo o mundo pode equivocarse aínda que sexa intencionadamente e non todos teñen a asesoría legal que hai no Concello, polo que él mesmo pode caer nunha mala alegación (a Alcaldesa discrepa).

A concelleira do grupo municipal do PP, Dª Mª Jesús Novo Gómez, di que era o que faltaba ser sancionados por alegar.

A Secretaria interventora, con permiso da Alcaldía, intervén para indicar que non cabe sanción.

O concelleiro do grupo mixto expón que é evidente que o PP así fai campaña e fastidia.

Remata a Alcaldía dicindo que o contido das alegacións do PP está mal fundamentado, que si buscan asesores presenten ben as cousas, máis cando entorpecen o funcionamento do Concello, considerando que é unha tomadura de pelo.

Sen máis intervencións, con seis votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, e un do concelleiro do grupo mixto e con tres votos en contra dos tres concelleiros/as presentes do grupo municipal do PP, o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Desestimar todas e cada unha das alegacións presentadas o 20/01/2015, con rexistro de entrada número 111, contra o presuposto municipal de 2015, con motivación no exposto no informe de Secretaría-Intervención.

SEGUNDO.- Declarar aprobado definitivamente o presuposto municipal 2015, ordenando a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 11:08 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa-presidenta e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- Ana Ledo Fernandez